



Pensións 2021

Anos de servizo	% Haber regulador	Haber regulador Grupo A1: 42.563,68 €		Haber regulador Grupo A2: 33.498,68 €	
		Anual	Mes (14 pagas)	Anual	Mes (14 pagas)
15	26,92%	11.458,14 €	818,44 €	9.017,84 €	644,13 €
16	30,57%	13.011,72 €	929,41 €	10.240,55 €	731,47 €
17	34,23%	14.569,55 €	1.040,68 €	11.466,60 €	819,04 €
18	37,88%	16.123,12 €	1.151,65 €	12.689,30 €	906,38 €
19	41,54%	17.680,95 €	1.262,93 €	13.915,35 €	993,95 €
20	45,19%	19.234,53 €	1.373,89 €	15.138,05 €	1.081,29 €
21	48,84%	20.788,10 €	1.484,86 €	16.360,76 €	1.168,63 €
22	52,52%	22.354,44 €	1.596,75 €	17.593,51 €	1.256,68 €
23	56,15%	23.899,51 €	1.707,11 €	18.809,51 €	1.343,54 €
24	59,81%	25.457,34 €	1.818,38 €	20.035,56 €	1.431,11 €
25	63,46%	27.010,91 €	1.929,35 €	21.258,26 €	1.518,45 €
26	67,11%	28.564,49 €	2.040,32 €	22.480,96 €	1.605,78 €
27	70,77%	30.122,32 €	2.151,59 €	23.707,02 €	1.693,36 €
28	74,42%	31.675,89 €	2.262,56 €	24.929,72 €	1.780,69 €
29	78,08%	33.233,72 €	2.373,84 €	26.155,77 €	1.868,27 €
30	81,73%	34.787,30 €	2.484,81 €	27.378,47 €	1.955,61 €
31	85,38%	36.340,87 €	2.595,78 €	28.601,17 €	2.042,94 €
32	89,04%	37.898,70 €	2.707,05 €	29.827,22 €	2.130,52 €
33	92,69%	39.452,27 €	2.707,49 €	31.049,93 €	2.217,85 €
34	96,35%	41.010,11 €	2.707,49 €	32.275,98 €	2.305,43 €
35	100%	42.563,68 €	2.707,49 €	33.498,68 €	2.392,76 €

Pensión máxima: 37.904,86 €/ano ou 2.707,49 €/mes Se unha persoa percibe unha ou máis pensións públicas, a suma total non pode exceder a pensión máxima anual, mais o **haber regulador** que lle correspondese terase en conta para o cálculo dunha pensión de viuvez ou orfandade. Os servizos prestados no réxime xeral computan a través do “cómputo recíproco”, mais sempre co límite da pensión máxima.

Complemento de pensión por maternidade

A partir do 1 de xaneiro de 2016, as mulleres que tiveran ou adoptaran fillos ou fillas e sexan beneficiarias dunha pensión de xubilación ou retiro de carácter **forzoso ou por incapacidade** permanente para o servizo ou inutilidade ou viuvez, terán dereito a que se lles recoñeza un **complemento de pensión** por importe equivalente ao resultado de aplicar á pensión que corresponda recoñecer, unha porcentaxe en función do número de fillos nados ou adoptados con anterioridade ao feito causante da pensión, segundo a seguinte escala:


- No caso de 2 fillos/as: **5%**.
- No caso de 3 fillos/as: **10%**.
- No caso de 4 ou máis fillos/as: **15%**.



Este **complemento por maternidade** non formará parte da pensión de xubilación a efectos da determinación da base reguladora no recoñecemento de pensións en favor dos familiares. Se a contía da pensión a recoñecer é igual ou superior ao límite de pensión máxima só se aboará o 50% do complemento aínda no suposto de que exista concorrencia de pensións públicas. Se a pensión a recoñecer non acada a contía de pensión mínima e a interesada solicita e reúne os requisitos para percibir o complemento a mínimos, sumárase o complemento por maternidade.

No caso de concorrencia de pensións públicas, con independencia do réxime no que se causen, aboaráse un único complemento por maternidade de acordo coas seguintes regras:

- Se a concorrencia é de máis dunha pensión de xubilación, aboaráse o complemento de maior contía.
- Se a concorrencia é dunha pensión de xubilación e viuvez, aboaráse o correspondente á pensión de xubilación.



DEREITO DOS PAIS AO COMPLEMENTO DE MATERNIDADE.

Unha sentenza recente do TSXG, a raíz dunha previa do TXUE, recoñece este complemento de pensión aos pais en idéntica situacións ás nais, ao entender que se producía unha discriminación ao respecto das mulleres. Por tanto, neste momento, calquera nai ou pai tería dereito a este complemento, con independencia de que o obxectivo inicial se estaría incumprindo (recoñecer un plus especial á maternidade) e mesmo que estea posto en cuestión e non se poidan descartar cambios no futuro. En todo caso debe reclamarse ao INSS.

ESTE COMPLEMENTO POR MATERNIDADE ESTÁ RECOÑECIDO CON CARÁCTER INDEFINIDO PARA TODOS OS RÉXIMES DA SEGURIDADE SOCIAL (CLASES PASIVAS, RÉXIME XERAL...) **E NON SE TEN DEREITO A EL NOS CASOS DE XUBILACIÓN ANTICIPADA**

Outros beneficios asimilábeis á cotización en caso de ter fillos ou fillas

Para completar períodos de cotización teranse en conta os seguintes beneficios:

- **Cotización por parto:** 112 días de cotización (14 máis por cada fillo ou filla en casos de partos múltiples) para aquelas traballadoras que non cotizaran, gozasen ou cobrasen durante o período equivalente ao permiso de parto.
- **Cotización por coidado de fillos ou fillas.** Teñen dereito a que se recoñeza a cotización de **270 días** calquera dos dous proxenitores sempre e cando se interrompese a cotización por extinción da relación laboral ou por finalización do cobro de prestacións ou subsidios por desemprego entre os 9 meses anteriores ao nacemento (ou 3 meses previos á adopción ou acollemento) e o remate do 6º ano posterior ao parto, co tope do tempo máximo de interrupción da cotización.

Pensións no suposto de prolongación do servizo activo

Quen siga en activo despois de cumprir a idade de xubilación forzosa ordinaria terá dereito a que se lle recoñeza unha porcentaxe adicional por cada ano completo de servizos efectivos ao Estado, entre a data en que cumpriu 65 anos e a do feito causante da pensión, segundo a seguinte escala:

- Ata 25 anos de servizos efectivos ao Estado, o 2%.
- Entre 25 e 37 anos de servizos efectivos ao Estado, o 2,75%
- A partir de 37 anos de servizos efectivos ao Estado, o 4%

Se a contía da pensión co incremento superase o límite máximo de percepción de pensións públicas (**2.707,49 €/mes** para o ano **2021**) poderase percibir unha contía adicional que sumada á pensión non poderá ser superior ao haber regulador do Grupo/Subgrupo A1 dividido en 14 pagas (**3.040,26 €/mes** para o ano **2021**). A porcentaxe de incremento obtido en ningún caso ten incidencia no cálculo de pensións en favor de familiares.

Exemplo práctico de pensión en clases pasivas

Exemplo de pensión neta para unha persoa perceptora co máximo tipo de retención do IRPF (non hai outras deducións) e coa pensión máxima do seu grupo.

Grupo	% IRPF*	Pensión anual	IRPF anual	Pensión mensual bruta	IRPF mensual	Pensión mensual NETA
A1	20,23	37.904,86 €	7.668,15 €	2.707,49 €	547,73 €	2.159,76 €
A2	18,94	33.498,68 €	6.344,65 €	2.392,76 €	453,19 €	1.939,57 €

As deducións de IRPF dependen da situación persoal de cada persoa perceptora. Neste exemplo partimos da situación familiar 3: persoas solteiras sen fillos/as ou casadas con cónxuxe con rendas superiores a 1.500 € anuais. A dedución do IRPF está feita cos datos do ano 2020. á espera de que a Axencia Tributaria actualice as táboas para o 2021.

Xubilación anticipada do réxime de clases pasivas

Todo aquel profesorado que ingresou como funcionariado de carreira con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011 pode solicitar a xubilación anticipada se cumpre as seguintes condicións:

- Ter cumpridos os **60 anos de idade**
- Ter un mínimo de **30 anos de servizos**, para o cal tamén contan os cotizados no Réxime Xeral da Seguridade Social (a través do cómputo recíproco). Do mesmo xeito, para completar períodos de cotización, se fose o caso, terase en conta o parto e coidado de fillos e fillas (de non ter cotizado nese momento) e os meses de servizo militar que excedan do período obrigatorio.
- Ter cotizados os últimos cinco anos no réxime de Clases Pasivas cando se computen cotizacións a outros réximes da Seguridade Social.
- Facer a **solicitud cun mínimo de tres meses de antelación**.

Xubilación do profesorado do réxime xeral

O profesorado interino ou aquel que aprobou as oposicións desde o ano 2011 pertence ao **réxime xeral da seguridade social**. Sonlle de aplicación as normas deste réxime, que sufriu un duro golpe coa reforma das pensións do 2011 pactada polo goberno do PSOE con CCOO, UGT e a patronal.

Nese pacto, contra o que a CIG convocou unha folga xeral, **atrasouse a idade da xubilación aos 67 anos** (agás para quen acade 38 anos e medio cotizados) e **ampliouse o período de cálculo da pensión**, pasando dos 15 aos 25 últimos anos.

Tamén se **ampliou o período mínimo de cotización para poder acadar o 100% da pensión**: se antes chegaba con cotizar 35 anos, desde a reforma hai que cotizar 38 anos e medio (para a minoría que se poida xubilar con 65 anos) ou 37 anos para quen se xubile con 67 anos.

Endureceuse igualmente a **xubilación anticipada**: hai que ter **64 anos de idade e 35 anos cotizados** e o recorte anual na pensión é dun 8% permanente para quen teña menos de **37 anos e 3 meses** cotizados. Esta xubilación anticipada non está regulada para o funcionariado.

Naquel pacto do sindicalismo estatal co goberno central introduciuse o **factor de sustentabilidade** (que as pensións estean vinculadas á esperanza de vida).

Neste momento está adiada até 2023 a aplicación do factor de sustentabilidade, pendente da reforma que prepara o Goberno tras a 3ª rolda do Pacto de Toledo.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal